




BASES PARA A CONTRATACION DUN POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO AO AMPARO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

Primeira: As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación dunha persoa desempregada para o posto de Auxiliar Administrativo, para a actuación denominada “PROGRAMA DE APOIO Á SERVIZOS MUNICIPAIS DE CARÁCTER XERAL” (EXPD. TR351G 2017/16-5), ao abeiro da Orde do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) (DOG num 171 do 8 de setembro). Consta no expediente resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 23 de novembro, na que se conceden a este Concello dous postos de Auxiliar Administrativo. Dado que un posto xa foi seleccionado, unha vez concedida, por parte da Consellería, a contratación anticipada do mesmo, ao amparo do artigo 16 da Orde de Convocatoria, as presentes bases regulan a contratación dun solo posto.

O contrato terá unha duración de 9 meses, sendo a xornada completa, baixo a modalidade *contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social*. As retribucións serán as correspondentes ás fixadas na resolución da subvención, que son as correspondentes ao posto a contratar, segundo o convenio colectivo vixente para esta categoría, no momento de formular a solicitude de subvención.

Segunda.- As persoas interesada en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a. Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non excedan, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Posuir capacidade funcional e non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c. Estar en posesión da titulación mínima de: Graduado en Educación Secundaria Obligatoria (ESO), ou equivalente.






- d. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, dacordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social.
- f. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

Terceira: Dacordo co artigo 14 da *Orde do 29 de agosto de 2017*, terán preferencia para a contratación, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- 1) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- 2) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- 3) Persoas paradas de longa duración.
- 4) Persoas con discapacidade.
- 5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.
- 6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- 7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora que se contrate o/a conxuxe, fillo e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.





Concello
As Neves

Tódolos requisitos anteriormente citados deberán posuírse no día da entrevista.

Tal como consta no referido artigo 14.2 da orde de convocatoria, *os traballadores e traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2016 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde.*

Cuarta.- A selección efectuarase mediante a correspondente oferta na Oficina de Emprego. Os/as candidatos/as presentaranse no Concello o día que sexan convocados/as aportando a documentación requirida nas presentes bases, a efectos de realizar a entrevista contemplada nas Bases.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello: www.asneves.gal e na súa sede electrónica: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal>, así como tódolos actos derivados desta contratación.

Quinta.- Na selección valoraranse os seguinte méritos:

1.- Acreditación do grado de coñecemento de Galego:

- a) Por estar en posesión do Celga 1: 0,75 puntos
- b) Por estar en posesión do Celga 2: 1,00 puntos
- c) Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Perfeccionamento en Lingua Galega ou superiores : **1, 50** puntos

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

2.- Situación persoal: Dacordo co citado artigo 14 da *Orde do 29 agosto de 2017*, establecece o seguinte baremo para a valoración de méritos:

- a) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia: 1,00 puntos
- b) Menores de 30 anos: 0,25 puntos





- c) Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego (neste caso non será valorado o apartado b): 0,35 puntos.
- d) Persoas paradas de longa duración (Estar inscrito ininterrumpidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses): 0,30 puntos.
- e) Persoas con discapacidade: persoas con un grado de discapacidade recoñecido, igual ou superior o 33%: 0,25 puntos.
Este apartado será valorado, sempre que o grado de discapacidade non impida a realización das tarefas propias do posto de traballo.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 0,25 puntos
- g) Persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia: 0,25 puntos

A puntuación máxima da suma destes apartados será de: **2,50** puntos.

Para a súa valoración deberán estar documentalmente debidamente acreditados.


Asemesmo e dacordo co citado artigo 14 da *Orde do 29 agosto de 2017*, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

A puntuación máxima neste apartado será de **2,50 puntos**:

- Persoas que non reciban ningunha prestación económica por desemprego: 1 punto.
- Existencia de responsabilidades familiares: 0.50 puntos por cada persoa o seu cargo, previa acreditación documental (máximo 1,50 punto).

Sexta.- Tódolos candidatos deberán realizar unha **entrevista** cos membros da Comisión de Selección na que se tratarán tódolos aspectos relacionados coas funcións a desenvolver, valorándose de 0 a **3,50** puntos.

Para a valoración da entrevista teranse en conta os seguintes apartados:





Concello

As Neves

- Candidatos/as para os que a contratación a través deste programa vaia a supor un incremento na súa formación que posibilite a súa inserción laboral posterior: ata 1,25 puntos
- Candidatos/as que se considere se adecúen mellor as esixencias do posto. Ata 1,25 puntos
- Outros aspectos relacionados co desempeño do posto de traballo: ata 1 punto

En caso de empate se contratará a persoa que acredite maior antigüedad na situación de desemprego.

Previamente a contratación do/a traballador/a seleccionado, se levará a cabo a compulsa da documentación aportada, a vista dos orixinais.

Sétima .- A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Dona Concepción Eulalia Solano De Eyto, ou persoa en quen delegue

Vocais:

- Dona Ana M^a Cuesta Jorge, ou persoa en quen delegue
- Dona Esperanza Goyanes López, ou persoa en quen delegue
- D. Fernando Fernández Ramón, ou persoa en quen delegue

Secretaria: Dona Ramona Giráldez Carballo, ou persoa en quen delegue



Oitava.- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación. En caso de baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigurosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos da Orde de convocatoria.

O Sr. Alcalde procederá a efectua-lo nomeamento, asinándose cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral.

Novena.-Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora



Concello

As Neves

de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordante

En As Neves, a 23 de novembro de 2017

O Alcalde-Presidente

Asdo: Xosé Manuel Rodríguez Méndez

